70/78 | 3/12

ID: 1080

| PROVINCIA: LUGO | MUNICIPIO: SARRIA |
|---|---|

# CARPETA-FICHA DEL MONTE:

"Sta. CRISTINA"

## COMUNIDAD PROPIETARIA

Vs.: REQUEIXO (Pa.)

CLAVE DEL MONTE

| PROVINCIA | MUNICIPIO | COMUNIDAD PROPIETARIA | MONTE |
|---|---|---|---|
| LU | 57 | 39. | 1 |

SUPERFICIE

| HECTAREAS |
|---|
| 14 |

En la ciudad de Lugo a treinta de abril de mil novecientos setenta y nueve, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte " SANTA CRISTINA", como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente resolución;

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte " SANTA CRISTINA", expediente nº 70/78, del ayuntamiento de Sarria, ha promovido a instancia de la Administración Forestal,

RESULTANDO.- Que con fecha 31 de marzo de 1.978, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte " SANTA CRISTINA", designando como Instructor al Vocal DON MANUEL MARTINEZ GARRIDO.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia por la que se de comienzo al expediente de clasificación nº 70/78, poniendo por cabeza del mismo copia de acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se dictó providencia acordando requerir al ayuntamiento de Sarria, para que aportera:

a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa a la inscripción del monte " SANTA CRISTINA", de 14 Ha, sito en la parroquia de Requeixo, b) Certificación del Inventario de Bienes municipales, relativa al monte " SANTA CRISTINA", c) Certificación del acuerdo municipal, relativa al consorcio con la Administración Forestal, para la repoblación de dicho monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se acordó recabar de la Administración Forestal I.C.O.N.A., certificación relativa a si el monte " SANTA CRISTINA", figura incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de mayo de 1.978, se acordó recabar, del recabar al ayuntamiento del Sarria, la publicación de edicto, poniendo en conocimiento de todos los interesados la incoacción del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses.

RESULTANDO.- Que con fecha 5 de junio de 1.978, se recibió certificación del Instituto Nacional, pra la Conservación de la Naturaleza, en la que consta que el monte " SANTA CRISTINA" sito en la parroquia de Requeixo, ayuntamiento de Sarria, no forma parte de monte alguno incluido en el Catálogo de los de Utilidad Pública de la provincia de Lugo.

RESULTANDO.- Que con fecha 20 de junio de 1.978, se recibió certificación del ayuntamiento de Sarria, en la que consta que el edicto permaneció expuesto al público en el tablón de anuncios y lugares de costumbre durante el tiempo correspondiente.

RESULTANDO.- Que con fecha 20 de julio de 1.978, se recibió certificación del Registro de la Propiedad, en la que consta que la finca " SANTA CRISTINA", sita en Requeixo, no aparece inscripta a nombre de persona alguna.

RESULTANDO.- Que con fecha 30 de junio de 1.978, se recibió certificación del ayuntamiento de Sarria, en la que consta -

que en el Inventariode Bienes de este ayuntamiento figura inscrito el monte " SANTA CRISTINA".

Certifico asimismo que en sesion de 30 de junio de 1.956 fueron aprobadas, las bases para la repoblación.

RESULTANDO.- Que en el expediente de investigación que figura unido en cuerda floja, consta que en el caso presente no hicieron declaración alguna los vecinos interesados.

RESULTANDO.- No se recibió ninguna reclamación contra la clasificación del citado monte.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de 27 de julio de 1.968, y su Reglamento de 26 de febrero de 1.970, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1.958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación.

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente el cual fué promovido, por la Administración Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiéndose formulado la iniciación y tramitación del expediente en lugar, forma y tiempo, todo ello a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, y 10 y 18 de su Reglamento a saber:
a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en calidad de tales, en proindivisión con independencia de su origen en comunidad germánica o manocomún, b) Que tal comunidad de vecinos no esté constituida, formalmente en entidad municipal.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad de monte en tiempos remotos losefectos de la prescripción extraordinaria regulada, por el artículo 1.959, del Código Civil legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte " SANTA CRISTINA", como se describe en el expediente nº 70/78, como monte vecinal enmano común, perteneciente a los vecinos de la parroquia de Requeixo, ayuntamiento de Sarria.

2º.- Que se emita certificación de la resolución firme de este Jurado al Registrador de la Propiedad, pra la inscripción del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el apartado a) del artículo 30 del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

| Prov.ª | Munic.º | Comunidad Prop.ª | N.º monte |
|---|---|---|---|
| LU | 57 | 39 | 1 |

CLAVE DEL MONTE

## 3.- ESTADO FISICO

Ref.ª Indice

3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Este monte "SANTA CRISTINA" de la parroquia de REQUEIXO está situado en la esquina N. del término parroquial, formado por laderas que suben hacia el N. "en cuña" hasta el mismo alto de Santa Cristina.

El terreno es poco accidentado, con pendientes uniformes y relativamente suaves, con altitudes comprendidas entre los 545 y 638 m.

Los únicos accesos directos son los caminos de servicio desde los pueblos, enlazados por el S. con la carretera local de Mazadoiro a Escorián.

3.2 SUPERFICIE.

14 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre 1/25.000.

3.3 LINDEROS.

N. y E.- Monte "Santa Cristina" de la parroquia de Betote.

S.- Fincas particulares.

O.- Monte "Santa Cristina" de la parroquia de Argemil.

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro del monte "SANTA CRISTINA" de esta


LU 57 39 1
a Orense por Monforte
Término de Láncara
Tº de Páramo
RIO
As Penelas 424 m.
SARRIA
F.F.C.C. Palencia - La Coruña
Monte Novo 640 m.
PENA Y CRUZ DE AGUIEIRA
Ladruga
Valladares
Carballo
Ordeas
C. Mesón
Ctera. local de Villapedre a Celtigos
San Cosmede
VILLAPEDRE (S. Miguel)
Rego de Merlán
Pacio
S. Mateo
Galleiros
Rego da San Mateo
VILLAPEDRE (S. Félix)
Zanfoga
Crecente
Rego de Crecente
VILLAR (Snt. Ma.)
Vilar de Arriba
Vilar de Abajo
Raña
Rañoa
Vilanova
Toxa
Tremeado
Eta de Santa Bárbara
Rego de Leirón
Pereiro
Cº Trigas
Padriñán
Ferreiro
Rego das Solas
FRADES (S. Julián)
Cº Mesón
Rego Boco
Guillade
"MONTE DEL CONDE"
Costa de Frades
Frades 583 m.
SANTA CRISTINA
"UCEIRA"
Snt. Cristina 638 m.
Areeiras de Betote
Betote
BETOTE (S. Vicente)
Betote de Arriba
Rego
Castro
ORTOA
Xaneiras
Cruceiro
ARGEMIL (Snt. Eulalia)
Pacio
Cº Carballas
Argemil
Penelas
Santalla
Mazo
Barrio
ORTOA Snt. Marina
Rosende
Villerma
Corrial
Treilán
San Martín
Mazadoira
Cº Canijas
Requeijo
Santestebo
REQUEIJO (S. Martín)
Veiga
Villar de
Rio
Seara
La Cruz
Santa Marta
MASID (S. Pedro)
Sanvicenzo
Estación
Celeiro
San Alberto
SARRIA
N.
48
49
2
5
39

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE LUGO
Xefatura Territorial da Consellería
do Medio Rural

Ronda da Muralla, 70
LUGO

galicia

Lucía Belver Quiroga, secretaria do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo,

CERTIFICO:

Que na sesión celebrada polo xurado provincial o día **25 de xuño de 2019**, figura o seguinte acordo:

*Monte SANTA CRISTINA E XANEIRAS (expediente 62/78), pertencente aos veciños da parroquia de ARXEMIL, no termo municipal de SARRIA, e monte SANTA CRISTINA (expediente 70/78), pertencente aos veciños da parroquia de REQUEIXO no termo municipal de SARRIA. O 16-05-2019, ten entrada escrito dos representantes das ditas comunidades, achegando un acordo de deslindamento de avinza practicado entre estas comunidades, en canto ás liñas divisorias que separan os dous montes, aprobado mediante acto conciliatorio celebrado perante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Sarria; xuntan acta do deslindamento, planos topográficos, acta de conciliación levantada no Xulgado e certificacións de aprobación por parte das comunidades implicadas. Dado traslado do devandito deslindamento ao Servizo de Montes, o 27-05-2019 emite un informe (núm. 34/19), no que se especifican as modificacións de superficie que se producen como consecuencia da avinza, nos termos que se describen no dito informe. O monte SANTA CRISTINA E XANEIRAS queda cunha superficie de 102 hectáreas e o monte SANTA CRISTINA, cunha superficie de 15 hectáreas. Examinada a documentación presentada, o Xurado, por unanimidade, ACORDA aprobar o deslindamento por avinza practicado, e proceder ás oportunas modificacións nos expedientes respectivos.*

Para que conste, expido este certificado co visto e prace da xefa territorial da Consellería do Medio Rural, presidenta do xurado.

Xacobeo 2021

r)

CVE: 35Ugg4buV0
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL
XefaturaTerritorial de Lugo
Servizo de Montes

galicia

Plano de:
Deslinde por avinza entre os montes veciñais en man común Santa Cristina e Xaneiras (exp 62/78) e Santa Cristina (exp 70/78)

*Carpeta 2019_34*

| | |
|---|---|
| Monte: **Santa Cristina e Xaneiras** | Monte: **Santa Cristina** |
| Pertenza: **Veciños de Arxemil** | Pertenza: **Veciños de Requeixo** |
| Concello: **Sarria** | Concello: **Sarria** |
| Superficie previa: **102 ha** | Superficie previa: **14 ha** |
| Superficie posterior: **102 ha** | Superficie posterior: **15 ha** |

Escala: 1:8.000

PLANO 3: SITUACIÓN POSTERIOR AO DESLINDE

70_78_Requeixo_posterior
62_78_Arxemil_posterior

Visto e prace
O xefe do Servizo de Montes
Carlos Vázquez Díaz

A enxeñeira técnica en topografía
Lugo, 27 de maio de 2019
Sonia Villaverde Vieites

**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN**
**Expediente: 2/2020**

PRESIDENTE:
Mª Olga Iglesias Fontal

VOGAIS:
Manuel González Fernández
Josefina Pereira de la Riera
Antonio J. López Acuña Herrero

SECRETARIA:
Lucía Belver Quiroga

Na cidade de Lugo, o día **22 de setembro de 2022**, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, reunido e constituído polas persoas que á marxe se relacionan, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número **2/2020** para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **SANTA CRISTINA (ampliación)**, no concello de **SARRIA**, iniciado por acordo do xurado do 27.7.2020, do que é instrutora Lucía Belver Quiroga, e resultando os seguintes:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**PRIMEIRO**: Na sesión do 27.7.2020 iníciase o expediente **2/2020,** a instancia de Alberto López Quiroga, como presidente da comunidade de Requeixo. Na mesma sesión, o vogal Miguel Ángel Cela Gonzalez é designado instrutor do expediente.

**SEGUNDO**: O día 21.10.2020 solicítase ao Servizo de Montes, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, unha certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de Lugo.

**TERCEIRO**: O día 22.10.2020, o Servizo de Montes emite certificación na que consta que o monte **Santa Cristina (ampliación)** non figura incluído no catálogo dos de utilidade Pública da provincia de Lugo.

**CUARTO**: O 27.10.2020 solicítaselle ao Rexistro da Propiedade de Sarria o seguinte:

- Certificación dos asentos que poidan afectar aos terreos obxecto de clasificación, con indicación do nome das persoas a favor das que estea inscrito, título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase, inscritas ou anotadas, e que estean vixentes na actualidade, segundo os asentos.

- Certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

**QUINTO**: O día 13.11.2020, ten entrada un certificado da rexistradora da propiedade de Sarria-Becerreá no que indica que non figura inscrito o monte denominado Santa Cristina de Requeixo, de 10,8 hectáreas.

**SEXTO**: O día 29.11.2020 requíreselle ao presidente da comunidade de Requeixo que aclare a situación das construcións situadas nas parcelas obxecto de clasificación, a inclusión parcial da parcela 27057A02101201 así como a confirmación de deixar fóra a parcela 27057A02101233.

**SÉTIMO**: o día 21.1.2021 a comunidade de Requeixo presenta un escrito no que expón, en síntese, o seguinte:

- Que os encravados observados son restos de antigas construcións dunha explotación mineira que existiu hai anos na zona.
- Confirma a proposta solicitada para a clasificación parcial da parcela 27057A02101232 así como a non inclusión da parcela 27057A02101233.

**OITAVO**: O día 18.5.2021 solicítaselle ao Rexistro da Propiedade Sarria-Becerreá un certificado de posibles asentos de encravados situados nas parcelas obxecto de clasificación. Por falta de resposta, o 17.11.2021 reitérase a solicitude e suspéndese o prazo para resolver á espera do certificado solicitado.

As parcelas encravadas teñen as seguintes referencias catastrais:

| | | |
|---|---|---|
| AM0201300PH23H | AM0201800PH23H | 27057A02101232 |
| AM0200700PH23H | AM0201700PH23H | |
| AM0201900PH23H | AM0202300PH23H | |

**NOVENO**: O día 14.6.2021 comunícaselle á comunidade de Requeixo o acordo do xurado do 2.6.2021 polo que se **amplía o prazo de resolución** por un ano máis.

**DÉCIMO**: O día 12.1.2022, a rexistradora do Rexistro da Propiedade Sarria-Becerreá emite un certificado no que especifica que non figuran inscritas as parcelas encravadas.

**DÉCIMO PRIMEIRO**: O día 26.1.2022 comunícaselle a tramitación do expediente ao **Servizo de Montes**, da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, con indicación do prazo para presentar alegacións.

**DÉCIMO SEGUNDO**: O día 1.2.2022 comunícase a tramitación do expediente á **comunidade de Requeixo**, con indicación do prazo para presentar alegacións.

**DÉCIMO TERCEIRO**: O día 1.2.2022 envíaselle unha comunicación ao **Concello de Sarria** da iniciación do expediente e remíteselle un edicto para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume da parroquia onde radica a comunidade.

**DÉCIMO CUARTO**: O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (**AGADER**) debido a que figura como titular catastral da parcela 27057D50105063, parcialmente obxecto de clasificación.

**DÉCIMO QUINTO**: O día 1.2.2022 comunícase a iniciación do expediente á **Axencia Galega de Infraestruturas** debido a que figura como titular catastral da parcela 27057A01809029, afectada parcialmente por este expediente.

**DÉCIMO SEXTO**: O día 1.2.2022 ten saída unha notificación da iniciación do expediente a **Francisca Torres Díaz** debido a que figura como titular catastral da parcela 27057D50100144, parcialmente obxecto de clasificación. A notificación resultou infrutuosa.

**DÉCIMO SÉTIMO**: O día 2.2.2022 comunícase a tramitación do expediente ao **Rexistro da Propiedade** de Sarria-Becerreá, e solicítase a anotación preventiva.

**DÉCIMO OITAVO**: O día 14.2.2022 sae publicado o anuncio no **DOG**, mediante o que se fai público o inicio do expediente de clasificación de **SANTA CRISTINA (ampliación)** así como a apertura dun prazo para presentar alegacións.

**DÉCIMO NOVENO**: O 9.3.2022 ten entrada un certificado de publicación no taboleiro de anuncios do concello de Sarria.

**VIXÉSIMO**: As **alegacións** presentadas dentro do prazo concedido foron as seguintes:

- 8.2.2022. Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Aporta o límite do dominio público en relación coa parcela 27057A01809029.
- 15.2.2022. AGADER. Expón que non considera que a axencia estea afectada polo procedemento pois non é propietaria da parcela catastral 27057D50105063.
- 16.2.2022. Comunidade de Requeixo. Alegan que a proposta elaborada polo Servizo de Montes recolle unha superficie inferior (10,8 ha) á solicitada (10,94 ha) debido a que a parcela 27057A02101232 está considerada como encravado.

**VIXÉSIMO PRIMEIRO**: O 24.3.2022 ten entrada un escrito do Rexistro da Propiedade Sarria-Becerreá mediante o que comunica a suspensión da práctica da anotación preventiva solicitada.

**VIXÉSIMO SEGUNDO**: O 3.6.2022 envíase á entidade Prefaricados y Canteras Zaera S.A. unha notificación da tramitación do expediente debido a que figura como titular das construcións encravadas nos terreos forestais obxecto de clasificación. A notificación resultou infrutuosa por *descoñecido*.

**VIXÉSIMO TERCEIRO**: O 5.7.2022 notifícaselle á comunidade de Requeixo o acordo do xurado do 28.6.2022 polo que se nomea como nova instrutora do expediente a Lucía Belver Quiroga, que acepta o cargo.

**VIXÉSIMO CUARTO**: O día 6.7.2022 envíaselle á comunidade de Requeixo unha notificación relativa ao **dereito de elección de dúas persoas** que poderán asistir (con voz pero sen voto) á reunión do xurado na que se estude o expediente do monte Santa Cristina (ampliación). A comunidade non manifesta nada ao respecto.

**VIXÉSIMO QUINTO**: O día 22.7.2022, o Servizo de Montes elabora unha nova memoria que detalla o resultado da ampliación tendo en conta as alegacións.

## FUNDAMENTO DE DEREITO

1. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdición para coñecer o expediente. Esta competencia élle atribuída polo artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.
2. De acordo co artigo 1º da devandita lei, son montes veciñais en man común os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, ou seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertenzan á agrupacións veciñais na súa cualidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños.
3. Examinada a documentación do presente expediente, e tendo en conta as alegacións presentadas, realízanse as seguintes consideracións:

1º.- Respecto dos distintos trámites realizados e alegacións presentadas no procedemento, con data 22.7.2022, o Servizo de Montes elabora un informe, aos efectos de que poida terse en conta na presente proposta, no que se recolle o seguinte:

*<<AMPLIACIÓN DO MONTE VECIÑAL EN MAN COMÚN DE SANTA CRISTINA (EXP 70/78)*
*O presente documento pretende recoller e describir a posición do monte veciñal en man común de Santa Cristina (exp. 70/78), como consecuencia da proposta de ampliación de varios predios solicitados por instancia da comunidade.*

*ANTECEDENTES*

*O monte Santa Cristina, pertencente aos veciños de Requeixo, foi clasificado como monte veciñal en man común por resolución do Xurado provincial o 30 de abril de 1979. A superficie clasificada foi de 14 ha.*

*Con data 16 de maio de 2019, Juan Manuel López Losada e Jesús Sergio Cela Prado, actuando como presidente e secretario, respectivamente, da Comunidade de Arxemil; e Alberto López Quiroga e Pedro Manuel Arias López, actuando como presidente e secretario, respectivamente da Comunidade de Requeixo, presentan no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia solicitude de aprobación do deslindamento por avinza proposto entre ambas comunidades.*

*Con data 25.06.2019, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común aproba aproba o deslindamento entre as comunidades solicitado, pasando a ter o monte de Santa Cristina de Requeixo unha superficie de 15 ha.*

*Con **data 24.05.2019**, Alberto López, o presidente do monte de Santa Cristina **solicita a ampliación do monte.***

*2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS*

*Conforme se establece no artigo 11 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común do Parlamento de Galicia, o procedemento de clasificación iniciarase de oficio polo Xurado ou a instancia de calquera veciño, da Consellería competente en materia de montes, das comunidades parroquiais ou veciñais afectadas ou do concello onde estea comprendido o monte.*

*Vista a solicitude de ampliación da clasificación do monte pertencente aos veciños da parroquia de Requeixo, nesta proponse a clasificación dunha serie de predios coincidentes coa representación cartográfica catastral total ou parcialmente. Os predios obxecto de solicitude e as colindancias recóllense no Anexo I.*

*No anexo II recóllense os titulares catastrais dos predios solicitados.*

*Tamén é importante referirse a pequenos encravados xerados na proposta presentada, que coinciden con predios catastrais. Estes foron consultados na oficina virtual de catastro para determinar o titular catastral dos mesmos. Na táboa I amósase o resultado da consulta, e no anexo III recóllense os certificados catastrais de cada un deles.*

| *Zona* | *Parcelas Encravadas* | *Titulares* |
|---|---|---|
| *2* | *AM0201300PH23H* | *Prefabricados y Canteras Zahera SA* |
| | *AM0200700PH23H* | *Prefabricados y Canteras Zahera SA* |
| | *AM0201900PH23H* | *Prefabricados y Canteras Zahera SA* |
| | *AM0201800PH23H* | *En Investigación* |
| | *AM0201700PH23H* | *Prefabricados y Canteras Zahera SA* |
| | *AM0202300PH23H* | *Prefabricados y Canteras Zahera SA* |
| | *27057A02101232* | *Non existen datos catastrais* |

*Táboa I. Referencias dos predios encravados*

*Das parcelas solicitadas, existen 3 que catastralmente non figuran como comunais da parroquia de Requeixo, son concretamente os seguintes:*

-27057D50105063. Figura como titular catastral a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

- 27057D50100144. Figura como titular Francisca Torres Díaz

- 27057A01809029. Figura como titular a Xunta de Galicia.

Todos eles son solicitados parcialmente e poden responder a unha delimitación acorde coa realidade no terreo non coincidente coa representación gráfica catastral. Non obstante deberase notificar aos interesados para darlles trámite de audiencia.

Con data 26.11.2020 requiriúselle á comunidade que aclarara os pequenos encravados existentes na proposta. A este requirimento contestou con data 21.01.2021 indicando que os predios recollidos na táboa I, pertencen á comunidade e que foron no seu día utilizados por unha explotación mineira hoxe abandonada. Igualmente e no que se refire ao predio 27057A02101232 tamén pertencería á comunidade e que foi cedida á empresa xestora de depósitos da gas de Sarria por 10 anos.

Por todo o anterior proponse a incorporación dos predios referidos sen prexuízo das posíbeis alegacións que se podan presentar nos trámites de audiencia aos diferentes interesados indicados.

Unha vez comprobadas as titularidades catastrais, foi aberto un trámite de audiencia a Axencia Galega de Infraestruturas (recibida resposta con data 08.02.2022), á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (recibida resposta o 15.02.2022), a Francisca Torres Díaz (non recibida a notificación), e Prefabricados e Canteras Zaera SA (non recibido xa que figura como descoñecido no intento de notificación).

A Axencia Galega de Infraestruturas remite un plano **delimitando a contorna do dominio público de estradas**, que non é coincidente exactamente coa delimitación catastral, polo que se solicita que se respecte o límite desta liña.

Respecto da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, esta indica que en relación co predio con referencia catastral 27057D50105063, esta **non sería da axencia**, tratándose dun erro a asignación catastral, e solicita que non se lle considere interesada no procedemento en relación co mesma.

Respecto do predio catastrado a nome de Francisca Torres Díaz, pese a que se lle intentou en 2 ocasións a entrega da notificación, estas foron devoltas polo servizo de correos. Debido a que a comunidade non presentou proba documental que poda desdicir a presunción de titularidade que figura no catastro, e tendo en conta o estipulado no artigo 3 da Lei do Catastro Inmobiliario, **precédese a excluír da proposta o predio con referencia catastral 27057D50100144.**

En relación cos **pequenos predios encravados** que figuran catastrados a nome de Canteras Zaera SA, e unha vez intentado emprazala no procedemento, o servizo de correos devolveu a mesma por indicar **receptor descoñecido**. Os promotores xa indicaron que estes pequenos encravados pertenceran á **explotación hoxe abandonada**. Por todo o indicado mantéñense na proposta os predios iniciais.

MONTE: SANTA CRISTINA

PERTENZA: C.M.V.M.C. DE REQUEIXO

MUNICIPIO: SARRIA

SUPERFICIE: 24,94 ha

SUPERFICIE DE AMPLIACIÓN: 10,3 ha>>

2º.- Visto o anterior informe e as actuacións e documental obrante no expediente, conclúese que cabe propoñer a ampliación da clasificación sobre os terreos obxecto da solicitude coas seguintes excepcións que deben ser obxecto de exclusión:

--> As zonas das parcelas que forman parte do dominio público de estradas, por quedar acreditada a súa titularidade pública.

--> A parcela catastral 27057D50100144 que no Catastro Inmobiliario figura como titular Francisca Torres Díaz, xa que, como se fai constar no informe, non se achegou por parte da comunidade do monte ningunha documental que destrúa a presunción de veracidade que se lle outorga aos datos catastrais no artigo 3.3 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.

Pola contra, no tocante aos encravados (edificacións existentes nos terreos sobre os que se pide a ampliación), polo xa exposto no informe transcrito e tendo en conta a figura do dereito de accesión regulada nos artigos 353 e seguintes do Código Civil, non existe motivo para deixalos excluídos.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito, o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man común **RESOLVE**:

**CLASIFICAR** como veciñal en man común o monte coas seguintes características:

| | |
|---|---|
| Nome: | SANTA CRISTINA (ampliación) |
| Pertenza: | Veciños da parroquia de Requeixo |
| Parroquia: | Requeixo |
| Concello: | Sarria |
| Superficie: | 10,3 hectáreas |

Na seguinte táboa, diferenciadas en dúas zonas, indícanse as referencias catastrais das parcelas obxecto de clasificación así como das parcelas estremeiras:

| Zona | Parcela obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|---|
| 1 | 27057A01800522<br>27057A01809029 (parte) | Norte | 27057A01800321 |
| | | Leste | 27057A01800536 |
| | | Sur | 27057A01800480<br>27057A01809029 |
| | | Oeste | 27057A01809003 |
| 2 | 27057A01800495<br>27057A02101200<br>27057A01800327<br>27057A02101026<br>27057A02101201 (parte)<br>27057D50105063 (parte) | Norte | 27057A01809029<br>27057A01800500<br>27057A01800310<br>27057A01800311<br>27057A01800306 |
| | | Leste | 27057A01809003 |

| Zona | Parcela obxecto de clasificación | Parcelas estremeiras | |
|---|---|---|---|
| | | | 27057A01800309 |
| | | | 27057A01800308 |
| | | | 27057A02101130 |
| | | | AM0202400PH23H |
| | | Sur | 27057A02101129 |
| | | | 27057A02101028 |
| | | | 27057A02101031 |
| | 27057A01809029 (parte) | | 27057D50100143 |
| | AM0201300PH23H | Oeste | 27057D50105063 |
| | AM0200700PH23H | | 27057D50100144 |
| | AM0201700PH23H | | 27057A02101201 |
| | AM0201800PH23H | | 27057A02101210 |
| | AM0201900PH23H | | 27057A02101233 |
| | AM0202300PH23H | | 27057A01809003 |
| | 27057A02101232 | | |

Tendo en conta esta ampliación, o MVMC da comunidade de Requeixo conta cunha superficie de **24,94 hectáreas**

Lugo, 22 de setembro de 2022

Os membros do xurado

XUNTA DE GALICIA
XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN
LUGO
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL E DO MAR
Departamento Territorial de Lugo
Servicio de Montes

galicia

Plano de:
EXP_70/78_2019_38
Proposta de ampliación da clasificación do monte veciñal en man común de Santa Cristina (Exp 70/78)

Monte: **Santa Cristina**
Pertenza **Veciños da parroquia de Requeixo**
Municipio: **Sarria**

| | |
|---|---|
| Superficie previa | 14,64 Ha |
| Superficie ampliación | 10,30 Ha |
| Superficie posterior | 24,94 Ha |

**Escala:** 1:6.000

Plano 4. Monte posterior

Coordenadas UTM_Sist. Ref.: ETRS89

Monte_posterior

Visto e prace
O xefe de Servizo de Montes

(asinado dixitalmente)

O xefe de área

(asinado dixitalmente)

Verificación: https://sede.xunta.gal/cve